



Expediente IET: P-21-060
Proxecto: Parque eólico Rodicio II
Concellos: Maceda e Montederramo (Ourense)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 29/01/2021 a Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Rodicio II.

1. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Rodicio II, de 13,50 MW, composto de 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións e centro de seccionamento e control). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 107,5 metros e 145 metros de diámetro de rotor. O edificio do centro de seccionamento resólvese mediante unha estrutura monobloque prefabricada de formigón que terá unhas dimensións de 3,10 x 10,76 metros. A lonxitude total de camiños proxectados é de 3.870 metros, dos cales 728 metros corresponden a camiños de nova creación. A enerxía xerada evacuarase cara unha subestación (que non é obxecto deste proxecto) compartida con outro parque do mesmo promotor, actualmente en tramitación.



As infraestruturas do parque están dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Rodicio.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico.

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Chairas, Fosas e Serras Ourensás, na comarca paisaxística Alto Arnoia.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas ao parque son a AEIP-02-06 Alto de San Mamede-Bidueiral de Montederramo, situada a 2,4 km ao sueste, a AEIP-04-02 Mosteiro de Montederramo, a uns 4 km ao nordés, a AEIP-02-07 Río Edreira e Queixa, a uns 5 km ao noroeste, e máis lonxe aparece a AEIP-04-01 Castelo de Maceda, a uns 10 km de distancia en dirección noroeste.

Respecto aos miradoiros, o máis próximo é o Alto de San Mamede que se localiza a uns 4,6 km ao sueste. Máis lonxe aparecen o Miradoiro do Picouto, a 8,7 km ao noroeste e a 10 km ao sueste o de Silla da Raíña.

En relación a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Vía da Prata) discorre en dirección sueste-noroeste, ao sueste do parque a uns 11,5 km de distancia.

De acordo co Catálogo das paisaxes, as infraestruturas do parque eólico localízanse en zonas de visibilidade estratéxica baixa e puntualmente media.

Por outra banda cabe indicar que os aeroxeradores localízanse en solo rústico de protección de paisaxe segundo o PXOM de Maceda (aprobación definitiva 12/04/2002).

As infraestruturas do parque localízanse no Monte do Viso, un cordal montañoso de orientación NO-SE, con altitudes que superan os 1.000 metros, no límite entre os concellos de Maceda e Montederramo. Estas elevacións contrastan coas amplas superficies chairas que conforman as depresións da Limia e Maceda. Trátase de montes de relevo suave onde predominan as cubertas de matogueira e rochedo nos cumios, e ladeiras de pendentes moderadas nas que os regatos escavan pequenos vales ocupados por bosques de frondosas autóctonas. As condicións topográficas desta contorna facilitaron o asentamento de núcleos rurais de carácter compacto ocupando zonas de media ladeira como Calveliño do Monte, rodeados das terras de labor, se ben en áreas de menor altitude os núcleos aparecen dispersos producíndose un uso máis intensivo do solo. As vías de comunicación na contorna do parque son de carácter local, situándose a estrada de maior entidade, a provincial OU-0603, a uns 2 km de distancia en dirección norte.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, analízase a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km (achegando planos das cuncas visuais de cada aeroxerador e un plano de conxunto e incluíndo infografías) tendo en conta as AEIP, miradoiros, o Camiño de Santiago, núcleos de poboación e vías de comunicación; identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas de integración paisaxística propostas para minimizalos.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se





incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores dispostos nun cordal montañoso que se ergue bruscamente sobre un amplo territorio chaira e deprimido, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. Se ben existen AEIP próximas ao parque, a incidencia visual sobre as mesmas será reducida debido ao efecto da orografía no caso da AEIP-02-06 Alto de San Mamede-Bidueiral de Montederramo, e a que se trata de áreas que abranguen vales máis ou menos encaixados protexidos por altas ladeiras e con presenza de masas arbóreas que exercen de barreira visual. En relación aos miradoiros presentes na contorna, os aeroxeradores serán visibles dende o miradoiro de Alto de San Mamede.

Outros impactos visuais produciranse debido á distancia existente aos núcleos de poboación, posto que nun radio de 3 km localízanse distintos asentamentos, estando o máis próximo, Calveliño do Monte, a un quilómetro ao oeste do parque. Ademais, o núcleo de Montederramo atópase a 4,2 km ao nordés e o de Maceda a uns 9,5 km ao noroeste. (Directriz de paisaxe DX.20 c).

Os principais impactos visuais virán derivados da presenza doutros parques eólicos na contorna, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, actualmente existen 11 parques nun radio de 15 km, en explotación, autorizados ou en fase de tramitación. O máis próximo correspóndese cun parque, en tramitación, do mesmo promotor, situado a 1,2 km de distancia ao nordés ocupando os cumios dun cordal paralelo ao Monte do Viso. Ademais dos anteriores, existe outro proxecto eólico con tramitación estatal localizado a 3,5 km ao sueste.

Tamén se poden producir afeccións aos afloramentos rochosos de cuarcitas que aparecen próximos aos aeroxeradores 02 e 03. Estas formacións xeolóxicas teñen interese como elementos compositivos da paisaxe, así como pola singularidade formal e textural que engaden ás escenas destas serras (Directriz de paisaxe DX.17 a.4).

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (adaptación aos camiños existentes, localización dos aeroxeradores en zonas de pendentes moderadas evitando importantes movementos de terras), na actuación sobre os camiños cubrindo a superficie final con saburra que minimize o contraste cromático coa contorna, na adecuación do acabado externo das instalacións ás construcións tradicionais da zona prevéndose a execución de barreiras vexetais con especies autóctonas na súa contorna, na atenuación dos impactos visuais sobre os núcleos rurais mediante plantacións arbóreas nos núcleos rurais para atenuar a visibilidade do parque, e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados.

5. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase en parte ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, e as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe.



En todo caso, toda vez que as Directrices de paisaxe de Galicia entraron en vigor o 20 de febreiro de 2021, de acordo coa Disposición transitoria única do Decreto 238/2020, o proxecto deberá adaptar o seu contido ás determinacións das citadas Directrices. Así mesmo, o EIIP deberá completarse co contido ao que fai referencia o epígrafe 2.d) do artigo 11 da Lei 7/2008 e o artigo 27.d) do Regulamento da Lei 7/2008.

Ademais, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

